

## **ACTA DO TRIBUNAL**

Sendo as 8:10 horas do día 10 de decembro de 2020,

reúnense as seguintes persoas no Centro de Desenvolvemento Local de Ponteareas, na súa condición de membros do **tribunal de selección do proceso para a provisión como funcionario interino (A2) por programa de carácter temporal, de Técnico/a Medio de Apoio na oficina EDUSI: Programa de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado “Ponteareas Habitat Saudable”, de conformidade coas bases publicadas no BOPPO nº 169 de data 2 de setembro de 2020:**

Presidente: D. Carlos Potel Alvarellos  
Secretario: D. Carlos López Quintáns

Vogais:

D<sup>a</sup>. Ana María Rial Costa  
D. Xurxo Gómez Alonso

## **ASUNTOS QUE SE TRATAN**

### **1º) Realización do primeiro exercicio de carácter obrigatorio e eliminatorio da fase de oposición.**

Por unanimidade dos membros do tribunal acórdase que a realización da proba práctica sexa a seguinte, tendo en conta que responde a funcións que se exercerán pola persoa seleccionada (de conformidade coa base 1ª) e ten relación directa co temario (temas 21 a 29):



## “SUPOSTO

1. O Concello de Ponteareas pretende sacar a licitación anticipada o contrato de obras de remodelación e reforma do Centro Social de Ponteareas cun valor estimado de 4.600.000 €, condicionado a obtención dunha subvención. Os recursos ordinarios do orzamento do Concello están cifrados en 16.000.000 € e trátase dunha obra non prevista no Orzamento.

2.-Con data de 15.12.2019 publícase o anuncio de licitación do contrato de obras de remodelación e reforma do Centro Social de Ponteareas.

3.- Con data 9.4.2020 asínase o contrato de obras mencionado por un importe de 4.232.898,01€ e un prazo de execución de 14 meses.

4- Con data 10.10.2020 tivo entrada no Concello un escrito presentado pola dirección de obra solicitando autorización para a redacción dun proxecto modificado das ditas obras que supón un incremento de 2.100.000€, baseado na necesidade xurdida de engadir obras complementarias non previstas no proxecto orixinario. Dita modificación non está prevista nos pregos de cláusulas administrativas.

5.- Con data 20.10.2020 a Oficina Técnica, informou favorablemente o proxecto básico presentado para a modificación.

6.- Con data 30.10.2020 a asesoría xurídica informou favorablemente a dita modificación contractual. O contratista prestou conformidade á modificación.

7.- Con data 12-11-2020 detéctase un incumprimento parcial do contrato por parte da contratista e a Administración opta por resolver o contrato.

## CUESTIÓNS A RESOLVER

1) Indique que documentación debe constar no expediente previo á aprobación do expediente de contratación da obra, cal é o procedemento de licitación a empregar e o órgano de contratación.

2) Resulta posible a modificación do contrato?

3) Cales son os trámites esenciais para realizar a modificación do contrato?

4) Cal sería o procedemento e trámites de resolución do contrato se o contratista manifestase a súa oposición e se propuxese a incautación do aval?”

Tempo de duración: 2 horas.

A resposta correcta a cada unha das cuestións pode acadar un máximo de 1,50 puntos.

## SISTEMA DE AVALIACIÓN



Considerando o disposto polas bases, terase en conta a correcta aplicación dos coñecementos dos/ as aspirantes e da súa formación profesional e a resolución dos problemas prácticos presentados. O Tribunal acorda que as respostas correctas a cada unha das cuestións son as seguintes:

**CUESTIÓN Nº 1: a finalidade desta pregunta é que a/o aspirante saiba os trámites que deben seguirse para aprobar un expediente administrativo de contratación por procedemento aberto, neste caso unha obra. A resposta estrutúrase en diferentes trámites. Citar correctamente, con precisión, cada un destes trámites, outorga a/o aspirante a puntuación proporcional do total. É dicir, a resposta correcta a esta cuestión avalíase ata un máximo de 1,50 puntos e existen 12 trámites na resposta, polo que citalos correctamente outorga unha puntuación de 0,125 puntos por cada un.**

1. Providencia de inicio. Art. 116 Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en diante LCSP).
2. Memoria xustificativa da necesidade de contratar. Art. 116.4 LCSP
3. Pregos cláusulas administrativas Arti. 116.3 LCSP
4. Prego de prescricións técnicas, neste caso proxecto técnico debidamente aprobado. Art. 231 LCSP
5. Ao tratarse dun proxecto de obras non previsto no orzamento, a competencia para a súa aprobación é do pleno de conformidade co artigo 22.2 ñ) da Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
6. Ao superar os 500.000 €, informe de supervisión do proxecto. Art 235 LCSP.
7. Acta de reformulo do proxecto Art 236 LCSP.
8. Certificado de existencia de crédito, neste caso estaría a adxudicación condicionada a efectiva consolidación dos recursos. Art 116.e D.A. 3ª.2 LCSP.
9. Informe xurídico. Disp adicional 3ª. 8 LCSP.
10. Informe de fiscalización. Disp adicional 3ª.3 LCSP.
11. Artigo 131 LCSP. Procedemento aberto.



12. Órgano competente para a aprobación do expediente: disposición adicional 2ª LCSP. O pleno.

**CUESTIÓN Nº 2: a finalidade desta pregunta é que a/o aspirante saiba os motivos e causas que permiten realizar unha modificación de contrato. A resposta estrutúrase en diferentes aspectos a analizar. Citar e analizar correctamente, con precisión, cada un destes aspectos outorga a/o aspirante a puntuación proporcional do total. É dicir, a resposta correcta a esta cuestión avalíase ata un máximo de 1,50 puntos e existen 3 aspectos a analizar, polo que citalos e analízalos correctamente outorga unha puntuación de 0,50 puntos por cada un.**

1. Análise do artigo 205 da LCSP. No que ás prestacións adicionais se refire estas (art. 205.2.a) LCSP) permiten que, a través da modificación do contrato, poidan introducirse ou engadirse obras, que non estaban contemplados no contrato inicial. Considérase oportuno indicar que o que agora se denominan prestacións adicionais, na anterior Lei de Contratos eran os contratos complementarios. Os dous requisitos que deben concorrer para que se poida modificar o contrato mediante as prestacións adicionais.

2. O primeiro radica en que o cambio do contratista non for posible por razóns de tipo económico ou técnico, así como que a remoción do mesmo xere inconvenientes significativos ou un aumento substancial de custos para o órgano de contratación.

3. No que ao segundo requisito refírese, este vén determinado por un, digamos, límite económico; en concreto, que o incremento do prezo, illada ou conxuntamente con outras modificacións para engadir prestacións adicionais, non supere o 50 % do prezo inicial do contrato. Neste caso deben cumprirse os requisitos ao estar informado favorablemente dende o punto de vista xurídico e técnico.

**CUESTIÓN Nº 3: a finalidade desta pregunta é que a/o aspirante saiba e coñeza os trámites esenciais que debe conter o procedemento de modificación contractual. A resposta estrutúrase en diferentes trámites a analizar. Citar e analizar correctamente, con precisión, cada un destes trámites outorga a/o aspirante a puntuación proporcional do total. É dicir, a resposta correcta a esta cuestión avalíase ata un máximo de 1,50 puntos e existen 6 trámites a analizar, polo que citalos e analízalos correctamente outorga unha puntuación de 0,25 puntos por cada un.**



1. Formalidades esenciais son: o trámite de audiencia e conformidade do contratista (art. 191.1 LCSP).
2. Cómputo dos prazos en días naturais vs. días hábiles (D.A. 12ª LCSP).
- 3 Non é preciso solicitar o ditame ao órgano consultivo por canto non se dan as circunstancias previstas no artigo 191.3.b da LCSP.
4. Modificación non obrigatoria para o contratista por superar o 20% do prezo inicial (art. 206 LCSP).
5. Resolución aprobando a modificación e formalizar a mesma (artigo 203.3).
6. Publicación. O órgano de contratación deberá publicar en todo caso un anuncio de modificación no perfil de contratante do órgano de contratación no prazo de 5 días desde a aprobación da mesma, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de todos os informes que, no seu caso, solicitáronse con carácter previo á súa aprobación, incluídos aqueles achegados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación (art. 207.3 LCSP).

**CUESTIÓN Nº 4: a finalidade desta pregunta é que a/o aspirante saiba o procedemento e trámites a realizar cando existe unha resolución contractual, neste caso con oposición do contratista, e ademais se propoña a incautación do aval. . Citar e analizar correctamente, con precisión, cada un destes aspectos outorga a/o aspirante a puntuación proporcional do total. É dicir, a resposta correcta a esta cuestión avalíase ata un máximo de 1,50 puntos e existen 7 trámites a analizar, polo que analízalos e cítalos correctamente outorga unha puntuación de 0,214 puntos cada un.**

1. O procedemento aplicable será o previsto no art. 109 do RD 1098/2001, do 12 de outubro, do Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RGCAP), en vigor no que non se opoña ás novas disposicións legais. Con carácter supletorio aplicarase, como determina a disposición final 4.ª.1 da LCSP, a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común (LPAC).
2. Audiencia do contratista por prazo de dez días naturais, no caso de proposta de oficio (tamén art. 191.1 da LCSP).
3. Audiencia, no mesmo prazo anterior, do avalista ou asegurador se se propón a incautación da garantía.



4. Informe do servizo xurídico (da Secretaría Xeral no caso das Entidades Locais).

5. Ditame do Consello consultivo equivalente da Comunidade Autónoma por canto se formulou oposición por parte do contratista (art. 191.3 a) da LCSP e 109 do RD 1098/2001)

6. Resolución do órgano de contratación (art. 192.2 da LCSP)

7. Prazo de resolución (art. 212.8 da LCSP).

**Sendo as 9:02 o secretario do tribunal Carlos López e o vogal Xurxo Gómez Alonso, proceden ao primeiro chamamento dos seguintes aspirantes:**

APELIDOS	NOME	DNI	PRESENTADO/NO N PRESENTADO
ÁLVAREZ ALONSO	ANADÍA	***8584**	PRESENTADA
BLACH SILVA	MARTA	***6976**	NON PRESENTADA
ESCOBERO CELA	PABLO	***1512**	PRESENTADO
FERNÁNDEZ SABORIDO	ANXO MANUEL	***9973**	PRESENTADO
PIÑEIRO GONDAR	BEATRIZ	***5816**	NON PRESENTADO
REBOREDO GONZÁLEZ	FELISA	***5531**	NON PRESENTADA
REY BARRAL	EDUARDO JOSÉ	***8882**	NON PRESENTADA
VERGARA GIL	JOSÉ ANTONIO	***6773**	NON PRESENTADO

De seguido, sendo as 9:07 procédese a un segundo chamamento sen que existan máis aspirantes presentes.

**CANDIDATAS/OS ELIMINADOS POR NON PRESENTARSE A PRIMEIRA PROBA DA FASE DE OPOSICIÓN, QUE DE CONFORMIDADE COA BASE 5ª TEN CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO.**

A base 7ª establece que eliminaranse aqueles/as aspirantes que non superen algún dos exercicios eliminatorios da fase de oposición. Quedan eliminadas as seguintes persoas:



APELIDOS	NOME	DNI
BLACH SILVA	MARTA	***6976**
PIÑEIRO GONDAR	BEATRIZ	***5816**
REBOREDO GONZÁLEZ	FELISA	***5531**
REY BARRAL	EDUARDO JOSÉ	***8882**
VERGARA GIL	JOSÉ ANTONIO	***6773**

Con anterioridade ao inicio do exercicio, o secretario do tribunal explica as persoas presentadas as instrucións a seguir para o exame. Dá lectura da base 5ª e indica que o tempo máximo de realización desta proba é de dúas horas. Consta dun suposto con catro preguntas/cuestións a resolver, cada unha das cales se valora ata un máximo de 1,50 puntos.

Indica que finalizada a proba, a **lectura do exercicio comezará** ás 11:45 horas polo/a aspirante cuxo primeiro apelido comece pola letra « S» (aplícase supletoriamente a Resolución do 30 de xaneiro de 2020 pola que se fai público o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia -DOG de 10.02.2020).

### ORDE DE LECTURA PROBA PRÁCTICA

1. ÁLVAREZ ALONSO ANADÍA \*\*\*8584\*\*
2. ESCOBERO CELA PABLO \*\*\*1512\*\*
3. FERNÁNDEZ SABORIDO ANXO MANUEL \*\*\*9973\*\*

## 2. AVALIACIÓN DA PROBA PRÁCTICA.

Realizada a proba práctica polas/os aspirantes e unha vez realizada a lectura pública, o tribunal de selección unha vez analizadas as respostas, outorga por unanimidade, de conformidade cos criterios de corrección sinalados no punto anterior, as seguintes puntuacións:

	CUESTIÓN Nº 1	CUESTIÓN Nº 2	CUESTIÓN Nº 3	CUESTIÓN Nº 4	TOTAL PUNTOS PROBA



					PRÁCTICA
<b>ÁLVAREZ ALONSO ANADÍA</b> ***8584**	Sete trámites citados correctamente  0,875	Un trámite e medio citado e analizados correctamente  0,750	Tres trámites e medio citados e analizados correctamente  0,875	Tres trámites citados e analizados correctamente  0,642	<b>3,142</b>
<b>ESCOBERO CELA PABLO</b> ***1512**	Cita correctamente todos os aspectos  1,500	Dous trámites e medio citados e analizados correctamente  1,250	Cinco trámites e medio citados e analizados correctamente  1,375	Cinco trámites citados e analizados correctamente  1,070	<b>5,195</b>
<b>FERNÁNDEZ SABORIDO ANXO MANUEL</b> ***9973**	Cita correctamente 4 aspectos  0,500	Dous trámites citados e analizados correctamente  1,000	Un trámite citado pero non analizado  0,125	Dous trámites citados e analizados correctamente  0,428	<b>2,053</b>

De conformidade cos resultados obtidos na proba práctica, tendo en conta que de conformidade coa base 5ª é necesario obter unha puntuación mínima de 3 puntos para superalo, e que a base 7ª sinala que se eliminarán aqueles/as aspirantes que non superen algún dos exercicios eliminatorios da fase de oposición, queda eliminado do proceso de selección FERNÁNDEZ SABORIDO ANXO MANUEL.

### 3. SEGUNDO EJERCICIO DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO

**De conformidade coas bases de selección, o segundo exercicio de carácter obrigatorio e eliminatorio é sobre coñecemento do idioma galego: “Este exercicio será obrigatorio e eliminatorio para aqueles/as aspirantes que non acrediten, xunto coa solicitude de participación, o nivel de CELGA 4 ou equivalente.”**





No presente caso non é necesaria a realización do exercicio por posuír as/os aspirantes o CELGA 4.

APELIDOS E NOME	NOME	DNI	POSÚE O CELGA 4
ÁLVAREZ ALONSO	ANADÍA	***8584**	SI
ESCOBERO CELA	PABLO	***1512**	SI

#### 4. CUALIFICACIÓN TOTAL E DEFINITIVA DOS ASPIRANTES

A base 7ª establece que a cualificación total do concurso-oposición virá determinada pola puntuación resultante de sumar as puntuacións obtidas nas dúas fases do proceso de selección. A orde definitiva dos/as aspirantes estará determinada pola puntuación final obtida no concurso-oposición.

APELIDOS E NOME	DNI	PUNTUACIÓN CONCURSO	PUNTUACIÓN OPOSICIÓN	CUALIFICACIÓN TOTAL
1ª) ESCOBERO CELA, PABLO	***1512** *	3,55	5,195	8,745
2ª) ÁLVAREZ ALONSO, ANADÍA	***8584** *	3,90	3,142	7,042

**De conformidade coa base 8ª o Tribunal de Selección PROPÓN a ESCOBERO CELA, PABLO con DNI \*\*\*1512\*\* como adxudicatario do posto de Técnico/a (A2) de apoio ao Programa EDUSI PONTEAREAS HÁBITAT SAUDABLE.**

O/a aspirante proposto para o nomeamento deberá aportar, no prazo de 5 días hábiles dende a proposta do Tribunal, a documentación sinalada na base 9ª.

De conformidade coa base 9ª o Tribunal designará suplentes aos/as candidatos/as que resultaron aptos por orde de puntuación pasando a integrar unha listaxe de agarda para cubrir esta praza.



**LISTAXE DE AGARDA**

**provisión como funcionario interino (A2) por programa de carácter temporal, de Técnico/a Medio de Apoio na oficina EDUSI: Programa de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado “Ponteareas Habitat Saudable”, de conformidade coas bases publicadas no BOPPO nº 169 de data 2 de setembro de 2020**

<b>APELIDOS</b>	<b>NOME</b>	<b>DNI</b>
ÁLVAREZ ALONSO	ANADÍA	***8584**

**RECURSOS**

Contra os acordos do Tribunal, os aspirantes poderán interpoñer reclamación no prazo de 3 días hábiles, contados a partir do seguinte a data da súa publicación na páxina web municipal e no taboleiro de edictos.

As reclamacións deberán ser resoltas polo órgano de selección, debendo ser publicadas na páxina web municipal e no taboleiro de edictos do Concello, sen prexuízo da súa notificación aos reclamantes.

Contra a desestimación das reclamacións indicadas poderase interpoñer recurso de alzada ante o órgano que designou ao tribunal (Alcalde) no prazo dun mes contado a partir do seguinte ao da súa notificación ou publicación.

O secretario do tribunal

O presidente do tribunal

Carlos López Quintáns

Carlos Potel Alvarellos

Documento asinado electronicamente

